



Concello de Baralla

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO O DÍA 23 DE FEBREIRO DE 2018

Na Casa Consistorial de Baralla (Lugo), sendo as 12 horas 30 minutos do día 23 de febreiro de 2018, reúñese en sesión ordinaria de primeira convocatoria o Pleno, presidido polo Sr. Alcalde, D. Manuel Jesús González Capón e coa asistencia dos/das concelleiros/as, D. Manuel Fernández Gómez, D. Ángel Rodríguez Barcia, D. Manuel Rodríguez Vilela, D. Rubén Armada López, D. José Jaime González del Río, D. Manuel Vicente Becerra Carballo e D. Xosé Manuel Becerra Pardo e coa asistencia da Secretaria da Corporación Dª. Elisa Muñoz Álvarez.

Non asisten pero escúsanse: Dª. María Rosa Caloto López e D. Alberto Enrique Parajúa Alonso.

APROBACIÓN, SE PROCEDE DA ACTA DA SESIÓN DO PLENO CELEBRADO O DÍA 26-01-2018.-

O Sr. Alcalde pregunta se algúm membro da Corporación ten que formular algunha observación á acta da sesión anterior celebrada o día 26 de xaneiro de 2018, que se distribuíu coa convocatoria da presente e non alegándose nada, a acta é aprobada por unanimidade.

EXPEDIENTE DE EXPROPIACIÓN FORZOSA, DAS OBRAS “ACTUACIONES MEDIOAMBIENTAIS NA ÁREA RECREATIVA DO RÍO NEIRA”, NO TERMO MUNICIPAL DE BARALLA.-

Dáse conta da proposta da alcaldía que literalmente se transcribe a continuación :

“Con data 23 de novembro de 2017 aprobouse en sesión plenaria o proxecto constructivo de “Actuacións Medioambientais na Area recreativa do río Neira, no termo municipal de Baralla”, redactado por Ivan Valcarce Rodríguez Ingeniería S.L.U.

Asimesmo declarouse dita obra de utilidade pública para a adquisición dos bens e dereitos afectados, así como a necesidade de ocupación dos terreos afectados pola mesma e aprobouse inicialmente a relación concreta e individualizada dos bens a expropiar.

Sometido o expediente ao trámite de información pública durante o prazo de 15 días, mediante a publicación no Boletín Oficial da Provincia (BOP número 280 de data 7 de decembro de 2017), nun dos xornais de maior circulación da provincia (El Progreso, de data 29 de novembro de 2017), e no taboleiro de anuncios do Concello, con notificación persoal aos interesados, presentáron alegacións as seguintes persoas:

Concello de Baralla



Concello de Baralla

- Dona María Felisa Pérez Capón
- Dona Margarita María Díaz Mourín
- Dona Lidia Río López
- Dona María Luz Dacal Durán
- Don Senén Manuel Méndez Arias

Remitidas as mesmas ao arquitecto municipal Don Manuel Eduardo López Vázquez e á Confederación Hidrográfica do Miño -Sil (por ser este organismo quen encargou a redacción do proxecto e quen contratará a obra), as alegacións foron debidamente estudiadas e informadas.

Ambos informes anésanxe a esta proposta.

Á vista dos mesmos proponse ao Pleno da corporación a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro. *Resolver as alegacións formuladas nos seguintes termos:*

- *Dona María Felisa Pérez Capón:*

Primeiro: A notificación realizase en función dos datos existentes nas fontes oficiais, de ser erróneos se precisa a súa corrección nas fontes oficiais.

Segundo: Con data do 23 de novembro de 2.017 aprobase no pleno do Concello de Baralla o proxecto constructivo das Actuacións medioambientais na área recreativa do Río Neira, así como a declaración de utilidade pública.

Terceiro: O informe técnico emitido pola Confederación hidrográfica do Miño Sil concreta que, previa autorización, poderá solicitalo peche da finca trala execución da senda.

Cuarto e quinto: Cabe a modificación da relación de bens, excluíndo os notificados inicialmente e incorporando os 21 pes existentes na parte da súa propiedade a expropiar.

- *Dona Margarita María Díaz Mourín:*

Revisado o documento e tralo traballo de campo, concretase que compe atendela alegación, incorporando ditos bens á expropiación (enredadeira no longo do peche, unha maceira, unha nogueira, unha cerdeira, dous carballos e sete xardóns) e cuantificando a superficie total suxeita a ocupación definitiva en 255.92 m², segundo os datos do Organismo competente de Conca.

Concello de Baralla



Concello de Baralla

- *Dona Lidia Río López:*

Primeiro: A relación de bens a expropriar foron notificados dacordo co establecido na Lei de 16 de decembro de 1954, de Expropiación Forzosa, iniciándose un período de exposición pública co obxeto de que os titulares dos bens afectados poidan aportar cantes datos permitan a rectificación de posibles errores que se estimasen relativos á relación publicada.. As cuestións relativas á parte do ben afectado e prezo dos bens expropriados, resloverase nos trámites de audiencia ó afectado para fixación do xustiprecio.

Cabe mencionar que o proxecto de obras ó que pertence o expediente expropriatorio inclúe o valor do solo no seu anexo 12 relativo á expropiación, se ben as notificacións individuais non teñen a obriga de incorporalas.

Segundo: En relación a dita circunstancia cabe remitir ó informe técnico do Organismo de Conca, que explica que non ten constancia de dita servidume, e que de existir, poderá seguir sendo efectiva. Explicase que independentemente da súa existencia, en ningún caso poderá ser utilizada por vehículos, posto que a senda peatonal a executar é de uso exclusivo peonil.

Terceiro: Cabe a formulación de folla de xustiprecio e inclusión nela do 5% de premio de afección.

- *Dona María Luz Dacal Durán:*

Primeiro: A alegante identifica mediante varios documentos a propiedade e descripción de dúas fincas. Consultado o proxecto, a parcela a expropriar é únicamente a 27036A0063000200000EL, tal e como figura na relación de bens notificados e sometidos a exposición pública.

Segunda: Existen, segundo o traballo de campo realizado, os árboles descritos na zona expropriada, polo que será preciso a súa incorporación os bens afectados pola expropiación.

Terceira: A execución da senda non divide a propiedade da alegante, posto que os terreos ubicados na marxe oposta da futura senda descorre un canal, e inmediatamente o seu carón unha vía pública, polo que non existe terreno privativo nesta zona.

Polo tanto, non constitúen terreos privativos aqueles ubicados noutra marxe do canal, tal como se corrobora no informe técnico da Confederación Hidrográfica do Miño Sil.

Cuarto: A xustificación e a valoración do solo obxeto de expropiación resloverase nos trámites de audiencia ó afectado para fixación do xustiprecio, no tempo e forma que así

Concello de Baralla



Concello de Baralla

defina a lexislación vixente.

Cabe mencionar que o proxecto de obras ó que pertence o expediente expropiatorio engade o valor do solo no seu anexo 12 relativo á expropiaión, se ben as notificacións individuais non teñen a obriga de ser incorporadas.

Cabe a incorporación do uso forestal no predio e a incorporación á relación de bens expropriados.

Quinto: Con data do 23 de novembro de 2.017 aprobase no pleno do Concello de Baralla o proxecto construtivo das Actuacións medioambientais na área recreativa do Río Neira, así como a declaración de utilidade pública.

- *Don Senén Manuel Méndez Arias:*

Terceira: Cabe a expropiación da parte que como resultado da execución da senda queda entre esta vía e o río.

As cuestións relativas os danos relativos á rega da finca así como o acceso a ésta, non caben ser tidos en conta, segundo o contido do informe da Condeferación Hidrográfica do Miño Sil ó respecto, do que se axunta informe ó respecto.

Segundo.- *Aprobar definitivamente o Proxecto da obra así como a necesidade de ocupación dos terreos afectados pola mesma.*

Terceiro.- *Aprobar, á vista das alegacións estimadas, a nova relación concreta de bens a expropriar que é a seguinte:*



Concello de Baralla

DATOS CATASTRALES						SUPERFICIE AFECTADA		
POLÍGONO	PARCELA	PARAJE	TITULAR	REFERENCIA CATASTRAL	SUPERFICIE TOTAL (m2)	OCCUPACIÓN DEFINITIVA (m2)	SOLICITUD DE EXPROPIACIÓN DE RESTO DE FINCA	OCCUPACIÓN TEMPORAL (m2)
30112	01	Calle Estrada de Escobio, 63	MÉNDEZ ARIAS, SENÉN MANUEL	3011201PH4531S0001TE	13.064,00	219,55	51,63	-
63	62	FABEIRO	MÉNDEZ ARIAS, SENÉN MANUEL	27036A063000620000ED	9.375,00	746,14	2.275,00	-
63	71	FABEIRO	FERNÁNDEZ CAPÓN, JESÚS	27036A063000710000EZ	8.673,00	542,22	-	-
63	249	FABEIRO ARRIBA	HRA. de LÓPEZ ÁLVAREZ MARINA	27036A063002490000EK	3.347,00	156,66	-	-
63	248	FABEIRO ABAIXO	MÉNDEZ ARIAS, SENÉN MANUEL	27036A063002480000ER	6.156,00	62,32	-	-
63	229	FABEIRO	RESCO FERNÁNDEZ, VÍCTOR	27036A063002290000EH	5.082,00	679,42	-	-
63	239	FABEIRO	MARTÍNEZ POMBO, RAMÓN	27036A063002390000EP	4.188,00	99,82	-	-
63	616a	FABEIRO	DÍAZ MOURÍN, MARGARITA MARÍA	27036A063006160000EA	2.641,00	255,92	-	-
63	25	FABEIRO	HROS. de ROSÓN GARCÍA, JULIÁN	27036A063000250000EK	9.088,00	1,21	-	-
63	22	REMUÍN	PÉREZ CAPÓN, MARÍA FELISA	27036A063000220000EF	2.818,00	480,37	-	-
63	20b	FABEIRO	DACAL DURÁN, MARÍA LUZ	27036A063000200000EL	619,00	92,99	-	-
63	19	REMUÍN	RÍO LÓPEZ, MARINA; PARDO RÍO, SABELA	27036A063000190000EF	1.018,00	53,89	-	-
63	18	RAMUÍN	NÚÑEZ GONZÁLEZ, ESPERANZA; VALCARCE NÚÑEZ, EVA MARÍA	27036A063000180000ET	1.214,00	71,08	-	-
63	17	REMUÍN	FERNÁNDEZ CAPÓN, JESÚS	27036A063000170000EL	896,00	45,03	-	-
63	194	SENRA	HROS. de MOURIN VILA, MANUEL	27036A063001940000EJ	3.445,00	8,32	-	89,38
63	193	SOUTO	OTERO VILA, MARÍA VICTORIA; OTERO VILA, JOSE; OTERO VILA, JAVIER; OTERO VILA, MANUEL	27036A063001930000EI	1.253,00	1,63	-	69,95

Concello de Baralla

Avda. Evaristo Correa Calderón, 58, Baralla. 27680 Lugo. Tfno. 982363303. Fax: 982363221



Concello de Baralla

POLÍGONO	PARCELA	PARAJE	TITULAR	REFERENCIA CATASTRAL	Ud	DESCRIPCIÓN	MEDICIÓN
63	62	FABEIRO	MÉNDEZ ARIAS, SENÉN MANUEL	27036A063000620000ED	ml	Muro mampostería	4,00
63	229	FABEIRO	RESCO FERNÁNDEZ, VÍCTOR	27036A063002290000EH	ml	Muro mampostería	5,00
63	239	FABEIRO	MARTÍNEZ POMBO, RAMÓN	27036A063002390000EP	ml	Muro mampostería	1,00
					ud	Árboles porte medio	4,00
63	616a	FABEIRO	DÍAZ MOURÍN, MARGARITA MARÍA	27036A063006160000EA	ml	Muro de bloque	4,00
					ml	Traslado e instalación de portón	4,00
					ml	Enredadera de hiedra	4,00
					ud	Maceira	1,00
					ud	Pes de xardón	7,00
					ud	Nogueira	1,00
					ud	Cerdeira	1,00
					ud	Carballo	2,00
63	22	REMUÍN	PÉREZ CAPÓN, MARÍA FELISA	27036A063000220000EF	ud	Árboles de porte medio	21,00
63	20b	FABEIRO	DACAL DURÁN, MARÍA LUZ	27036A063000200000EL	ud	Árboles de porte medio	3,00

Cuarto.-Continuar co procedemento expropiatorio invitando aos interesados a que propoñan un prezo que propicie a adquisición por mutuo acordo con cargo ao presuposto do concello.

ANEXO I

INFORMES DO ARQUITECTO TÉCNICO MUNICIPAL SOBRE AS ALEGACIÓNS PRESENTADAS AS EXPROPIACIÓN NO EXPEDIENTE DE EXPROPIACIÓN FORZOSA DAS ACTUACIÓN MEDIOAMBIENTAIS NA ÁREA RECREATIVA DO RÍO NEIRA NO TERMO MUNICIPAL DE BARALLA

1.-DONA MARÍA FELISA PÉREZ CAPÓN

Antecedentes

Con data do 23 de novembro de 2.017 aprobase no pleno do Concello de Baralla o proxecto constructivo das Actuacións medioambientais na área recreativa do Río Neira,

Concello de Baralla

Avda. Evaristo Correa Calderón, 58, Baralla. 27680 Lugo. Tfno. 982363303. Fax: 982363221



Concello de Baralla

a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos terreos afectados, así como a aprobación inicial da relación concreta e individualizada dos bens a expropiar, que no seu caso eran os seguintes:

POLÍGONO	PARCELA	PARAJE	TITULAR	REFERENCIA CATASTRAL	SUPERFICIE TOTAL (m2)	Ocupación definitiva (m2)
63	22	REMUÍN	PÉREZ CAPÓN, MARÍA FELISA	27036A063000220000EF	2.818,00	480,37

POLÍGONO	PARCELA	PARAJE	TITULAR	REFERENCIA CATASTRAL	Descripción	Medición
63	22	REMUÍN	PÉREZ CAPÓN, MARÍA FELISA	27036A063000220000EF	Malla metálica	4,00
63	22	REMUÍN	PÉREZ CAPÓN, MARÍA FELISA	27036A063000220000EF	Retirada portón	4,00
63	22	REMUÍN	PÉREZ CAPÓN, MARÍA FELISA	27036A063000220000EF	construcción muro de bloque	4,00

Dita relación de bens a expropiar foi publicada no BOP de Lugo, con data do xoves, 7 de decembro de 2017, Núm. 280.

Alegación

PRIMEIRO:

A alegante alude que non é a única propietaria da parcela expropriada e que se atopa en proindiviso.

SEGUNDO:

Non está de acordó ca declaración de interese público do trazado do camiño.

TERCEIRO:

Mosta a súa disconformidade con que a finca quede aberta ó camiño tralaas obras.

CUARTO:

Solicita a inclusión de 21 pes existentes na parcela que non lle foron incluídos na relación.

QUINTO:

Que os bens afectados que lle foron notificados son erróneos e non son da súa propiedade, polo que emendarase dita relación.

Informe

PRIMEIRO:

Concello de Baralla



Concello de Baralla

A notificación realizase en función dos datos existentes nas fontes oficiais, de ser erróneos se precisa a súa corrección nas fontes oficiais.

SEGUNDO:

Con data do 23 de novembro de 2.017 apróbase no pleno do Concello de Baralla o proxecto constructivo das Actuacións medioambientais na área recreativa do Río Neira, así como a declaración de utilidade pública.

TERCEIRO:

O informe técnico emitido pola Confederación hidrográfica do Miño Sil concreta que, previa autorización, poderá solicitalo peche da finca trala execución da senda.

CUARTO E QUINTO:

Cabe a modificación da relación de bens, excluíndo os notificados inicialmente e incorporando os 21 pes existentes na parte da súa propiedade a expropiar.

2.-DOÑA MARGARITA DÍAZ MOURÍN

Antecedentes

Con data do 23 de novembro de 2.017 apróbase no pleno do Concello de Baralla o proxecto constructivo das Actuacións medioambientais na área recreativa do Río Neira, a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos terreos afectados, así como a aprobación inicial da relación concreta e individualizada dos bens a expropiar, que no seu caso eran os seguintes:

POLÍGONO	PARCELA	PARAJE	TITULAR	REFERENCIA CATASTRAL	SUPERFICIE TOTAL (m ²)	OCUPACIÓN DEFINITIVA (m ²)
63	616a	FABEIRO	DIZ MOURÍN, MARGARITA MARÍA	27036A063006160000EA	2.641,00	184,17

POLÍGONO	PARCELA	PARAJE	TITULAR	REFERENCIA CATASTRAL	Descripción	Medición
63	616a	FABEIRO	DIZ MOURÍN, MARGARITA MARÍA	27036A063006160000EA	muro de bloque	4,00
63	616a	FABEIRO	DIZ MOURÍN, MARGARITA MARÍA	27036A063006160000EA	traslado porton	4,00

Dita relación de bens a expropiar foi publicada no BOP de Lugo, con data do xoves, 7 de decembro de 2017, Núm. 280.

Alegación

A alegante solicita a revisión da superficie a expropiar, reclamando un total de 240 m²

Concello de Baralla



Concello de Baralla

fronte ós 184.17 m² que lle foron notificados.

Ademais solicita a inclusión de outros bens a expropiar:

- Enredadeira no perímetro da parcela de peche.
- Sete pés de xardón (acivros).
- Unha maceira
- Nogueira
- Cerdeira
- Dous carballos

Os servizos técnicos da Confederación Hidrográfico del Miño Sil, emiten informe sobre as alegacións presentadas á expropiación. Cabe destacar que en dito informe obtense un total de 255.92 m² de superficie ata o linde da finca.

Informe

Revisado o documento e tralo traballo de campo, concretase que compre atendela alegación, incorporando ditos bens á expropiación (enredadeira no longo do peche, unha maceira, unha nogueira, unha cerdeira, dous carballos e sete xardóns) e cuantificando a superficie total suxeita a ocupación definitiva en 255.92 m², segundo os datos do Organismo competente de Conca.

3.- DOÑA LIDIA RÍO LÓPEZ

Antecedentes

Con data do 23 de novembro de 2.017 aprobase no pleno do Concello de Baralla o proxecto constructivo das Actuacións medioambientais na área recreativa do Río Neira, a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos terreos afectados, así como a aprobación inicial da relación concreta e individualizada dos bens a expropiar, que no seu caso eran os seguintes:

POLÍGONO	PARCELA	PARAJE	TITULAR	REFERENCIA CATASTRAL	SUPERFICIE TOTAL (m ²)	OCUPACIÓN DEFINITIVA (m ²)
63	249	FABEIRO ARRIBA	LÓPEZ NÁLVAREZ MARINA	27036A063002490000EK	3.347,00	63

Dita relación de bens a expropiar foi publicada no BOP de Lugo, con data do xoves, 7 de decembro de 2017, Núm. 280.

Alegación

Concello de Baralla



Concello de Baralla

PRIMEIRO:

A alegante indica no seu apartado primeiro que non foi notificada a parte do ben afectado nin o prezo da expropiación.

SEGUNDO:

A alegante alude á existencia dunha servidume de paso pola zona a expropriar.

TERCEIRO:

Alude a alegante á desconformidade co prezo establecido no proxecto de obras e a súa predisposición para acordar un xustiprecio. Indica a obriga de incluir na folla o 5 % de premio de afección.

Caberá a incorporación do 5% de premio de afección nas follas de xustiprecio individual.

Informe

PRIMEIRO: A relación de bens a expropriar foron notificados dacordo co establecido na Lei de 16 de decembro de 1954, de Expropiación Forzosa, iniciándose un período de exposición pública co obxeto de que os titulares dos bens afectados poidan aportar cantes datos permitan a rectificación de posibles errores que se estimasen relativos á relación publicada.. As cuestións relativas á parte do ben afectado e prezo dos bens expropriados, resloverase nos trámites de audiencia ó afectado para fixación do xustiprecio.

Cabe mencionar que o proxecto de obras ó que pertence o expediente expropriatorio inclúe o valor do solo no seu anexo 12 relativo á expropiación, se ben as notificacións individuais non teñen a obriga de incorporalas.

SEGUNDO: En relación a dita circunstancia cabe remitir ó informe técnico do Organismo de Conca, que explica que non ten constancia de dita servidume, e que de existir, poderá seguir sendo efectiva. Explicase que independentemente da súa existencia, en ningún caso podrá ser utilizada por vehículos, posto que a senda peatonal a executar é de uso exclusivo peonil.

TERCEIRO: Cabe a formulación de folla de xustiprecio e inclusión nela do 5% de premio de afección.

4.- DONA MARÍA LUZ DACAL DURÁN

Antecedentes

Con data do 23 de novembro de 2.017 aprobase no pleno do Concello de Baralla o proxecto construtivo das Actuacións medioambientais na área recreativa do Río Neira, a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos terreos afectados, así como a aprobación inicial da relación concreta e individualizada dos bens a expropriar, que no seu caso eran os seguintes:

Concello de Baralla



Concello de Baralla

POLÍGONO	PARCELA	PARAJE	TITULAR	REFERENCIA CATASTRAL	SUPERFICIE TOTAL (m2)	Ocupación definitiva (m2)
63	20b	FABEIRO	DACAL DURÁN, M. LUZ	27036A063000200000EL	619,00	92,99

Dita relación de bens a expropriar foi publicada no BOP de Lugo, con data do xoves, 7 de decembro de 2017, Núm. 280.

Alegación

PRIMEIRO:

A alegante identifica mediante varios documentos a propiedade e descripción de dúas fincas.

SEGUNDA: A Alegante mostra a súa disconformidade ca asignación de uso frutal, acreditándose o seu uso real, o forestal, polo que cabería a súa modificación.

Existen segundo a alegante árboles na zona expropriada, polo que será preciso a súa incorporación os bens afectados pola expropiación.

TERCEIRA:

Alude a alegante á división en dúas metades da finca orixinaria, tralo paso da senda.

CUARTO:

Afirma a alegante que non se concreta nin xustifica a valoración do solo obxeto de expropiación sometido a exposición pública.

QUINTA:

Alúdese que non se atopa xustificada a necesidade de ocupación.

Informe

PRIMEIRO:

A alegante identifica mediante varios documentos a propiedade e descripción de dúas fincas. Consultado o proxecto, a parcela a expropriar é únicamente a 27036A0063000200000EL, tal e como figura na relación de bens notificados e sometidos a exposición pública.

SEGUNDA:

Existen, segundo o traballo de campo realizado, os árboles descritos na zona expropriada, polo que será preciso a súa incorporación os bens afectados pola expropiación.

TERCEIRA:

A execución da senda non divide a propiedade da alegante, posto que os terreos ubicados na marxe oposta da futura senda descorre un canal, e inmediatamente o seu carón unha vía pública, polo que non existe terreno privativo nesta zona.

Polo tanto, non constitúen terreos privativos aqueles ubicados noutra marxe do canal, tal como se corrobora no informe técnico da Confederación Hidrográfica do Miño Sil.

Concello de Baralla



Concello de Baralla

CUARTO:

A xustificación e a valoración do solo obxeto de expropiación resloverase nos trámites de audiencia ó afectado para fixación do xustiprecio, no tempo e forma que así defina a lexislación vixente.

Cabe mencionar que o proxecto de obras ó que pertence o expediente expropriatorio engade o valor do solo no seu anexo 12 relativo á expropiación, se ben as notificacións individuais non teñen a obriga de ser incorporadas.

Cabe a incorporación do uso forestal no predio e a incorporación á relación de bens expropriados.

QUINTO:

Con data do 23 de novembro de 2.017 aprobase no pleno do Concello de Baralla o proxecto construtivo das Actuacións medioambientais na área recreativa do Río Neira, así como a declaración de utilidade pública.

5.-DON SENÉN MANUEL MÉNDEZ ARIAS

Antecedentes

Con data do 23 de novembro de 2.017 aprobase no pleno do Concello de Baralla o proxecto construtivo das Actuacións medioambientais na área recreativa do Río Neira, a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos terreos afectados, así como a aprobación inicial da relación concreta e individualizada dos bens a expropiar, que no seu caso eran os seguintes:

POLÍGONO	PARCELA	PARAJE	TITULAR	REFERENCIA CATASTRAL	SUPERFICIE TOTAL (m ²)	Ocupación definitiva (m ²)
30112	01	Calle Estrada de Escobio, 63	MÉNDEZ ARIAS, SENÉN MANUEL	3011201PH4531S000ITE	13.064,00	219,55
63	62	FABEIRO	MÉNDEZ ARIAS, SENÉN MANUEL	27036A063000620000ED	9.375,00	746,14
63	248	FABEIRO	MÉNDEZ ARIAS, SENÉN MANUEL	27036A063002480000ER	6.156,00	62,32



Concello de Baralla

POLÍGONO	PARCELA	PARAJE	TITULAR	REFERENCIA CATASTRAL	SUPERFICIE TOTAL (m2)	Ocupación definitiva (m2)
63	62	FABEIRO	MÉNDEZ ARIAS, SENÉN MANUEL	27036A063000620000ED	Muro mampostería	4,00

Dita relación de bens a expropriar foi publicada no BOP de Lugo, con data do xoves, 7 de decembro de 2017, Núm. 280.

Alegación

PRIMEIRO:

O alegante identifica mediante varios documentos a propiedade e descripción de díás fincas.

SEGUNDO:

Que as díás parcelas de referecia catastral, conforman unha única finca.

TERCEIRA:

Alega unha serie de danos e perxucios relativos á execución da senda:

Que a súa propiedade queda dividida trala execución da obra da senda peatonal, o que limitaría o seu aproveitamento.

Que non podería regarse a finca, sen provocar danos ó camiño.

Que e impediría o paso entubado para o bombeo de auga para rego.

Que se tería que pechar a finca.

Informe

TERCEIRA

Cabe a expropiación da parte que como resultado da execución da senda queda entre esta vía e o río.

As cuestións relativas os danos relativos á rega da finca así como o acceso a ésta, non caben ser tidos en conta, segundo o contido do informe da Condeferación Hidrográfica do Miño Sil ó respecto, do que se axunta informe ó respecto.

ANEXO II

INFORMES DA CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA MIÑO-SIL SOBRE AS ALEGACIÓNS PRESENTADAS AS EXPROPIACIÓN NO EXPEDIENTE DE EXPROPIACIÓN FORZOSA DAS ACTUACIÓN MEDIOAMBIENTAIS NA ÁREA RECREATIVA DO RÍO NEIRA NO TERMO MUNICIPAL DE BARALLA

Concello de Baralla




Concello de Baralla

1. Margarita Díaz Mourín:

Declara que la superficie indicada en la relación de bienes y derechos a expropiar no es correcta, y que no se han valorado unas enredaderas y unos árboles existentes en la finca.

Se ha comprobado la superficie a ocupar, verificándose que la medición del proyecto vigente es exclusivamente la que necesita ocupar la obra, en un total de 184, 17 m² según el croquis siguiente.



Si se midiera hasta el lindero de la finca, según el siguiente croquis, resulta, sobre planos, un total de 255,92 m².

En cuanto al cierre con enredadera, efectivamente se ha de expropiar (al igual que algunos árboles que existen en esa superficie), y por el interior de la finca restante podrá disponer la propietaria (previa la autorización que proceda) un cierre nuevo.



Concello de Baralla



2. Lidia Rio López:

No se tiene constancia de la servidumbre que indica en su escrito. El nuevo sendero (que no es de hormigón, como indica), no está dimensionado para soportar el tráfico de vehículos de ningún tipo.



Concello de Baralla

En cualquier caso, si existe efectivamente una servidumbre de paso por la finca de la expropiada, se considera que dicha carga persistirá sobre el resto de la finca una vez ejecutada la obra del proyecto, y que no ha de recaer sobre el nuevo sendero, concebido para uso estrictamente peatonal.

3. Felisa Pérez Capón:

La finca de la alegante linda con el dominio público del cauce del río Neira y con la acequia que nace del mismo en ese punto, por su margen izquierda. No existe ningún tipo de cerramiento actualmente, pero de forma natural existe una cierta barrera al paso desde el cauce, formado por la vegetación del mismo.

Si la propietaria deseara proceder al vallado de su finca para evitar el acceso desde la zona de servidumbre del río y desde el nuevo sendero a construir, deberá solicitar y obtener la correspondiente autorización administrativa, cumpliendo las condiciones aplicables.

En cuanto a los árboles que declara que existen en su finca, efectivamente se constata la existencia de varias árboles en el borde del cauce del río Badella y de la acequia citada, en el contacto con el lindero de la finca de la alegante.

Por último, en cuanto los bienes que indica que no pertenecen a su finca, se ha comprobado la existencia de una errata en la relación de bienes afectados, por lo que la alegante está en lo cierto y dichos bienes no le pertenecen.

4. María Luz Dacal Durán:

Presentó su alegación con fecha 11 de enero de 2018, fuera por lo tanto del plazo de quince días indicado en el anuncio publicado en el BOP de Lugo, de 7 de diciembre de 2017.

La parcela afectada por la expropiación sometida a información pública es únicamente la de referencia 27036A063000200000EL, y no la otra indicada en la alegación. Dicha parcela es de naturaleza exclusivamente rústica.

La alegación presentada se apoya en los siguientes argumentos:

- Que la expropiación de 92,99 m² necesaria para ejecutar el proyecto citado parte la finca de la alegante en dos partes, lo que considera que ha de tener efecto en la valoración de la misma porque "impide la comunicación entre una parte y la otra".*

Concello de Baralla



Concello de Baralla

- Que se considera el suelo a ocupar como "frutales", de acuerdo con lo que la ficha catastral recoge. La alegante reclama que se considere la superficie afectada como "zona forestal", de acuerdo con lo que indica que recoge la ficha que consta en el SIGPAC y sin tener en cuenta lo que en la ficha catastral se recoge (que es la información con la que se elaboró la relación de bienes a expropiar que figura en el proyecto de construcción redactado).
- Que se valoren los árboles a talar en dicho suelo.
- Que se valore la zona forestal de alisos de ribera a ocupar.
- Que no está justificada la necesidad de ocupar porque ya existe "un paseo, en uso, con linde al río Neira y zona demanial del mismo, que lo duplicaría".
- Que la ejecución de estas obras "supone la destrucción de flora y fauna con la consiguiente degradación del espacio natural creado desde hace más de 100 años" y que "se contrapone con la destrucción de gran parte de arbolado de un alto valor ecológico por protección y resguardo de la fauna".
- Sobre estos argumentos, se informa lo siguiente:
- En cuanto a la calificación y valoración del suelo a ocupar, el servicio encargado de la gestión de las expropiaciones adoptará las decisiones que proceda.
- Sobre la ocupación de bosque y su tala, el proyecto redactado no contempla en esta zona la tala de ningún árbol. Como el estudio ambiental recogido en el proyecto recoge, esta zona está naturalizada mediante la plantación de ejemplares de roble, castaño y aliso, aunque todo el entorno está obviamente muy antropizado por la presencia del canal con el que linda la parcela señalada por su extremo norte. La poca entidad de las obras proyectadas no necesitan la tala de ningún ejemplar arbóreo de relevancia, que servirán en la situación definitiva de separación entre sendero a construir y el canal existente.
- Se debe señalar asimismo que el tramo de canal con el que linda esta parcela realmente forma parte de la misma, por lo que no es cierto que quede libre y sin ocupar la superficie de 230 m² al norte del suelo a expropiar (ese suelo forma parte realmente de dicho canal).
- En cuanto a la existencia de otro sendero, ocupa realmente en parte de su recorrido suelos inundables en las crecidas ordinarias del río Neira, y

Concello de Baralla



Concello de Baralla

por lo tanto que forman parte del dominio público del mismo, por lo que procede dar continuidad a dicho sendero por fuera del dominio público del río, lo que se pretende conseguir con este proyecto.

- *Por último, en cuanto a la degradación del espacio, difícilmente puede considerarse natural un espacio que, como la alegación indica, fue creado por la mano del hombre hace algunas décadas. El proyecto redactado ha sido sometido a la tramitación ambiental que la legislación prevé, con resultado favorable.*

5. Senén Manuel Méndez Arias:

Presentó su alegación con fecha 23 de enero de 2018, fuera por lo tanto del plazo de quince días indicado en el anuncio publicado en el BOP de Lugo, de 7 de diciembre de 2017.

Dicha alegación expone lo siguiente:

- *Que la finca afectada se riega a manta desde una acequia con la que linda por el sur o mediante un bombeo desde el río Neira.*
- *Que si se ejecuta la obra proyectada, no podría regarse la finca y/o su riego dañaría al paseo a construir.*
- *Que el tubo de riego desde el río Neira no podría pasar por la nueva obra.*
- *Que la finca quedaria desprotegida frente al acceso desde el paseo, solicitando por ello que se valle en toda su longitud.*
- *Que queda una franja de terreno de 2275 m² de la finca sin posible aprovechamiento.*

Sobre estas cuestiones se informa lo siguiente:

- *La obra proyectada prevé la construcción, en el tramo colindante con esta finca, de un sendero pavimentado por material granular tratado con ligante, sobre zahorra artificial y un lecho de grava gruesa, que actuará como base y drenaje del mismo.*
- *Esta sección está prevista precisamente para drenar el contacto con las fincas colindantes, como la propia memoria del proyecto indica en su página 9.*
- *Además, en el punto más bajo de esta parcela se ha previsto la*

Concello de Baralla



Concello de Baralla

construcción de una obra de drenaje transversal para solucionar la evacuación del excedente de agua que discurre por superficie.

Por todo lo anterior, se entiende que el riego de la finca no será susceptible de provocar daños en el camino.

- *La obra a construir no supone ningún obstáculo adicional a los actualmente existentes para tender un tubo de riego que, procedente del río Neira, sirva para bombeo el caudal concedido.*
- *La nueva obra tampoco supone ningún cambio cualitativo en cuanto a las condiciones de acceso a la finca, que actualmente no cuenta con ningún cerramiento. La construcción del cerramiento de la misma deberá ser acometido por su propietario previa solicitud y obtención de la autorización correspondiente.*
- *En cuanto a la franja de suelo sin utilización que quedará entre el sendero y el río, se informa que para el diseño del nuevo sendero se han calculado, de acuerdo con lo previsto en la Ley de aguas, el dominio público hidráulico y la zona de graves daños del río Neira. Se observa asimismo que las distancias marcadas en el informe aportado por el alegante no respetan el dominio público hidráulico del río Neira, por lo que son incorrectas.*

Por todo ello se informa que no ha lugar a la apreciación de los perjuicios económicos de la parte no expropiada de la finca del alegante, que no procede considerar la instalación de un cerramiento de la finca con cargo a la nueva obra y que ésta no supone impedimento alguno para que el propietario de la parte no expropiada continúe procediendo a su riego como hasta ahora viene haciendo.

El resto de cuestiones alegadas se considera que corresponden a aspectos procedimentales que se deben resolver de acuerdo con la buena práctica del procedimiento expropiatorio.

O concelleiro do PSOE D. José Jaime González del Río manifestó estar de acordo coa proposta da alcaldía xa que se trata dunha actuación positiva para o concello.

O concelleiro do BNG D. Xosé Manuel Becerra Pardo discrepa e di que xa no seu día defenderon que as intervencións que se realizaran no río Neira deberían ser o menos invasivas posibles. Seguen considerando que o propio río ofrece posibilidades de baño suficientes sen necesidade destas actuacións.

Concello de Baralla



Concello de Baralla

Vinculado ao antedito, hai cuestión de fondo, xa que a propia situación do río permitiría realizar un paseo fluvial sen actuacións deste tipo.

Hai alegacións que nalgúns puntos nin a propia Confederación Hidrográfica do Miño Sil acaba resolvendo.

Non estamos de acordo coa construcción do azud que se propón no proxecto e consideramos que pode traer problemas para o concello pola existencia de augas residuais a poucos metros.

Á marxe de todo isto reclamaríamos ao concello a máxima colaboración e publicidade en este tema.

Toma a palabra o Alcalde e di que o tema importante aquí son as alegacións presentadas e que se van a aceptar, na medida que se poden aceptar, sen restricións de prezos.

O azud é necesario para facer unha Praia ou zona para competicións deportivas.

Debatido o tema, é sometida a proposta da alcaldía a votación ordinaria, esta é aprobada por mayoría absoluta co voto en contra do concelleiro do BNG D. Xosé Manuel Becerra Pardo.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS CULTURAIS E DE LECER.-

Dáse conta da proposta da alcaldía que literalmente di:

“Primeiro.- Aprobar inicialmente a Ordenanza fiscal reguladora do prezo público pola prestación de servizos culturais e de lecer, tal e como consta no Anexo a esta proposta.

Segundo.- Que se someta ao trámite de información pública no taboleiro de anuncios do Concello por un prazo de trinta días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do edicto no BOP, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Terceiro.- No caso de presentarse reclamacións, se dé conta das mesmas ao Pleno do Concello que as resolverá con carácter definitivo. De non presentarse ningunha reclamación, o acordo elevarase o acordo a definitivo sen necesidade de novo acordo plenario.

Cuarto.- Que o acordo definitivo e o texto da Ordenanza se publique no BOP para a súa vixencia e posible impugnación xudicial.

Concello de Baralla



Concello de Baralla

ANEXO

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS CULTURAIS E DE LECER

Artigo 1.º -Fundamento e natureza.

De conformidade co previsto no artigo 105 e 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e 41 a 47, e 127, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, este Concello establece o prezo público pola prestación de servizos culturais e de lecer que se rexirán pola presente ordenanza fiscal.

Artigo 2.º -Feito imponible.

Constitue o feito público imponible deste prezo público a prestación dos seguintes servizos culturais e de lecer, de competencia municipal, a instancia de parte:

- A participación en obradoiros cursos ou clase de carácter cultural ou de lecer.
- A asistencia a viaxes á praia.
- A participación en campamentos urbanos e similares.

Para estes efectos, entenderanse prestados a instancia de parte os anteditos servizos cando estes fosen demandados pola poboación no seu beneficio, ainda que non mediase solicitude expresa.

Artigo 3.º -Suxeitos pasivos.

Están obrigados ó pagamento do prezo público regulado nesta ordenanza fiscal as persoas que participen e se beneficien dos servizos enumerados no artigo 2.

Artigo 4.º -Cota tributaria.

A cota tributaria determinarase en función da actividade que se ofrece. Para tal efecto, aplicaranse as seguintes tarifas:

- a) Obradoiros, curso e clases de carácter cultural ou de lecer organizados polo Concello: 5 euros ó mes.
- b) Viaxes á praia organizados polo Concello: 6 euros por viaxe (ida e volta).
- c) Campamentos urbanos e similares : 15 euros á semana
- d) Actividades específicas destinadas a terceira idade: 5 euros ó mes.

Estas tarifas serán incrementadas nun 50% para participantes que non estean empadroados neste concello.

Artigo 5º. Bonificacións.

-Bonificación do 50% sobre os prezos establecidos nesta ordenanza fiscal, aos participantes nos campamentos que acrediten a súa pertenza a familia numerosa.

Concello de Baralla



Concello de Baralla

No caso de participación simultánea de dous ou mais irmáns nos campamentos municipais, sen que pertenzan a familia numerosa, bonificación do 25% do prezo establecido, para o segundo e seguintes irmans.

-Bonificación do 25% sobre os prezos establecidos para os participantes nos campamentos que acrediten estar en posesión do Carne Xove.

-As anteriores bonificacións, cando se den nunha mesma persoa non serán acumulables.

Artigo 6.º -Devengo.

A obriga do pagamento do prezo público xurde desde que se inicia a prestación do servizo.

Artigo 7.º -Xestión do cobro.

O pago do prezo público realizarase en efectivo.

A xustificación do pago levarase a cabo mediante recibo que se entregará á persoa que o realice.

A recadación material do prezo público corresponderá aos servizos sociais, servizo responsable da xestión dos programas que xeran o ingreso.

Os servizos sociais, nun prazo de 15 días dende a prestación do servizo, presentarán na intervención-tesorería os ingresos do recaudado pola devandita prestación, xunto coa conta xustificativa correspondente.

Disposición derradeira.

A presente ordenanza, unha vez aprobada definitivamente, será publicada integralmente no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse unha vez transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, e manterase en vigor mentres no se acorde a súa derogación ou modificación expresa.

O concelleiro do PSOE D. José Jaime González del Río di que os prezos parécenlle correctos e son mais ben simbólicos, e a maiores hai unha serie de bonificacións.

Di que é bo que teñamos este tipo de actividades que a xente viña demandando, e polo tanto a ordenanza parécelles positiva e non teñen nada que obxectar.

O concelleiro do BNG D. Xosé Manuel Becerra Pardo di que se debería ter en conta a situación dos parados na exención de cotas. E bonificacións para as persoas da terceira idade, persoas con pensións baixas e tódalas viúvas ou ben pagar unha cota ao mes por tódalas actividades nas que se puideran apuntar.

Concello de Baralla



Concello de Baralla

O alcalde di que isto último resultaría bastante difícil de controlar pero si se pode engadir un punto á ordenanza que sería: **Exencíons: quedaran exentos de aboar as cotas desta ordenanza os parados de longa duración (máis de 6 meses).**

Sometida a proposta da alcaldía (co engadido dun punto que regule a exención nos termos acordados) a votación ordinaria, esta é aprobada por maioría absoluta coa abstención do concelleiro do BNG D. Xosé Manuel Becerra Pardo.

DACIÓN DE CONTA DA LIQUIDACIÓN DO PRESUPOSTO EXERCICIO 2017.-

A corporación toma razón.

E non habendo máis asuntos de que tratar, levántase a sesión sendo as catorce horas, estendéndose a presente acta que de conformidade co previsto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, unha vez aprobada pola Xunta de Goberno Local, transcribirase no libro de actas coas sinaturas do alcalde e secretaria, do que dou fe.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

Concello de Baralla

Avda. Evaristo Correa Calderón, 58, Baralla. 27680 Lugo. Tfno. 982363303. Fax: 982363221